



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA EMIGRACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A ASSOCIAÇÃO RECREIO DOS ANCIÃOS PARA ASILO DA VELHICE DESAMPARADA DE RÍO DE JANEIRO (BRASIL), PARA CONTRIBUÍR Á ATENCIÓN DAS NECESIDADES SOCIO ASISTENCIAIS BÁSICAS DOS CIDADÁNS GALEGOS RESIDENTES EN RÍO DE JANEIRO (BRASIL).

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral da Emigración da Secretaría Xeral da Emigración, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral da Emigración ten previsto formalizar coa Associação Recreio dos Anciãos para Asilo da Velhice Desamparada de Río de Janeiro (Brasil), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 25 de outubro de 2021.

Que el instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco da colaboración entre as entidades asinantes co fin de contribuír á atención das necesidades socio asistenciais básicas dos cidadáns galegos residentes en Río de Janeiro e na súa area xeográfica, que por razóns de idade e/ou circunstancias socio familiares teñan problemas de autonomía persoal a través da concesión dunha axuda de carácter singular a esta entidade sustentada en razóns de interese público e humanitario.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

A Associação Recreio dos Anciaos para Asilo da Velhice Desamparada, de Río de Janeiro fundada en 1940 por emigrantes galegos é unha entidade benéfica, sen ánimo de lucro, cúa finalidade é acoller temporal ou permanentemente á anciáns de xeito gratuito, dando prioridade aos galegos e españois necesitados. Esta asociación está rexistrada como centro colaborador da galegidade no Rexistro de Comunidades Galegas da Secretaría xeral da Emigración.

Dita entidade é un dos referentes fundamentais na atención socio sanitaria e de asistencia ás persoas de idade avanzada en Río de Janeiro e a súa contorna. Nas súas instalacións, que contan con 250 habitacións, teatro, capela, biblioteca e unha ampla área de espaxamento e leva a cabo unha asistencia integral as persoas acollidas (entre as que se atopan 23 galegas que viven na entidade con carácter permanente) que inclúe alimentación, vestiario, servizos médicos, fisioterapia, terapia ocupacional, actividades culturais, etc., mellorando así o aspecto social, emocional e sociolóxico dos acollidos.

A situación motivada pola pandemia causada polo virus da COVID-19 obriga a este tipo de entidades a levar a cabo diferentes accións para previr a súa transmisión comunitaria que van desde aplicar diferentes protocolos de seguridade e hixiene, realizar probas para a detección do virus, tanto a persoas acollidas como ó persoal que lles presta servizos, ata a habilitación de salas de illamento, o que lles obriga a un importante desembolso en adquisicións de abastecementos hospitalarios, equipos de





protección persoal, contratación extra de persoal, etc., co fin de extremar as precaucións e manter a asistencia integral ós anciáns acollidos como colectivo especialmente afectado.

Que o presente Convenio é coherente co Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, correspondéndose co o seu Eixe E2: “Benestar das persoas e as familias e cohesión social” así como co seu obxectivo estratéxico OE02: “Impulsar os sevizos sociais e prestacións á emigración galega e ás súas entidades, así como aos retornados, para garantir o seu benestar. Promover a inclusión social e loitar contra a pobreza das persoas inmigrantes e calquera forma de discriminación”.

A Secretaría Xeral da Emigración, considera que esta entidade é a institución idónea para o outorgamento desta axuda de carácter singular e excepcional, que non se enmarca dentro dunha actuación xeneralizada de axudas para este tipo de actividades, baseándose no disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover a concorrência pública.

Para o financiamento das actuacións previstas neste convenio, a Secretaría Xeral da Emigración alcanzará trinta mil euros (30.000 €), con cargo á aplicación orzamentaria 04.30.312C.481.0, (código de proxecto 2021 00007, Axudas a entidades COVID-19) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021.

A previsión, con carácter excepcional, da xustificación de pagos de gastos de escasa contía por importe inferior a 1.000 € mediante o recibo do proveedor fundaméntase, por unha banda, na propia natureza da entidade sen fin de lucro, e na tipoloxía dos gastos que se subvencionan que teñen que afrontar con carácter inmediato, mediante o seu pagamento en efectivo a través da caixa da propia entidade, e por outra, pola propia operativa do sistema bancario e da normativa do país que non obriga a efectuar o pago deste tipo de gastos a través de entidades bancarias, admitindo como xustificante de pago a propia factura, sen máis, posto que esta non se emite ata que esteo efectuado o seu pagamento, e os provedores dos bens ou servizos non efectúan o subministro se non se lle fai o pago en efectivo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no texto da Lei 9/2017, do 8 de novembro de Contratos do Sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

